

O NOVO ESTATUTO MARCO UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA?

O Ministerio de Sanidade convoca unha nova reunión, o día 22 de xaneiro, para continuar coa negociación do novo ESTATUTO MARCO (EM). Por primeira vez remite un texto completo como proposta para negociar.

O documento presentado non cumpre coas pretensións que CIG-Saúde defende desde que se iniciou esta negociación:

XORNADA:

CIG-Saúde demanda que o EM **regule a xornada máxima** (ordinaria + atención continuada ou complementaria) a realizar e se regule, de maneira clara, o **réxime de descansos**; tamén a **exención de quendas nocturnas** para as persoas maiores de 55 anos.

CLASIFICACIÓN PROFESIONAL:

Para **CIG-Saúde** esta negociación é a oportunidade para incorporar unha **clasificación profesional adaptada ás e aos profesionais da sanidade pública** e non unha mera translación do Marco de Cualificacións vixente.

Demandamos que o novo **EM incorpore unha clasificación propia, que recoñeza os requisitos de titulación, a formación sanitaria específica e a prestación do traballo que se realiza**, e estableza un **réxime extraordinario de adaptación** da situación actual aos novos requirimentos.

REXIME RETRIBUTIVO:

Novo réxime retributivo adaptado á nova clasificación profesional, que contemple as **pagas extras completas** con todos os conceptos, incluída a Carreira Profesional; e o pago da **atención continuada** durante os períodos de incapacidade temporal.

XUBILACIÓN:

Defendemos que no novo EM debe figurar a **regulación básica da xubilación voluntaria total, parcial, e anticipada**, e exiximos que a **negociación da xubilación do persoal estatutario se produza no seu ámbito de negociación** e que figure expresamente recollida no EM.

**CIG-SAÚDE SEGUIRÁ DEMANDANDO O ESTATUTO MARCO QUE
PRECISA A SANIDADE PÚBLICA**

